

ACTIVIDADES DE FOMENTO DO ÉXITO ESCOLAR

▪ OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN E ESTUDIO “APRENDEMOS A APRENDER”

Dirixido a alumnos/as de 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º de ESO.

Terá lugar os luns, martes, xoves e venres, do mes de novembro, de 18.00h. a 19.00h. no CEIP Nº 1 e na Casa da Xuventude.

Os **obxectivos** deste obradoiro son:

- Completar lagoas de coñecemento ou reforzar contidos concretos que se traballaron en clase, en tanto que as devanditas lagoas condicionan a superación ou avaliación na área que se trate.
- Adquisición dos obxectivos mínimos das áreas instrumentais: Lingua e Matemáticas.
- Lingua: desenvolvemento da lectura comprensiva, expresión oral e escrita, e ortografía. Plan Lector.
- Matemáticas: cálculo mental, resolución de problemas e operacións básicas.
- Test de técnicas de estudio. Coñecemento das propias debilidades e fortalezas para a súa superación.
- Técnicas de estudio.
- Informática básica.
- Uso de internet: busca e selección de información.

As actividades a desenvolver dentro deste obradoiro serán:

-Internet:

Aprender a buscar información, seleccionala e tratamiento da mesma

-Técnicas de estudio:

Desenvolverase a seguinte programación:

- Por que son necesarios e que che aportan os métodos de estudio
- A planificación do teu tempo
- A motivación
- Os hábitos
- O método de estudio: explorar, preguntar, ler, recitar e repasar
- Técnicas e consellos: para memorizar mellor, para mellorar a lectura, para tomar apuntes
- Os exames: preparación, como repasar, adiviñar as preguntas, técnicas para mellorar o rendemento dun exame, a ansiedade, non nervios.
- Traballo en equipo

·Factores ambientais: o sitio, a alimentación, o sono,...

- **OBRADOIRO “OS CATRO ELEMENTOS”**

Dirixido a alumnos/as de 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º de ESO.

Terá lugar os xoves, de 18.00h. a 20.00h. no IES de Foz

Este obradoiro terá **2 apartados** principais:

- O coñecemento dos elementos químicos, do seu descubrimento e a relación que ten a súa orixe e as súas propiedades no nome do elemento químico. A construción da táboa periódica.
- Aplicación de contidos da química e da física mediante experiencias divertidas e de carácter lúdico, que poden ser realizadas nas instalacións dos centros pois requiren para a súa execución instrumental e productos específicos de laboratorio, e outras prácticas sinxelas que poden efectuarse sin problemas nas nosas casas.

Actividades a desenvolver:

- O coñecemento dos elementos químicos. A construción da táboa periódica
- Química máxica, curiosidades científicas ou prácticas na casa

- **OBRADOIRO “IMOS COÑECER O NOSO POBO”**

Dirixido a alumnos/as de 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º de ESO.

Terá lugar os martes, de 18.00h. a 20.00h. no IES de Foz

Os **obxectivos** que se marcan neste obradoiro son os seguintes:

- O coñecemento do ámbito más inmediato, neste caso a zona urbana de Foz
- Coñecer todo o que teñen ao seu alcance, onde está, como chegar e como facer uso deste. Aprender nocións básicas de medio ambiente, seguridade vial,...
- Analizar a situación ambiental, os servizos ofertados, a seguridade vial, a accesibilidade, ... do ámbito no que viven e identificar os puntos de interese como luces verdes, amarelas e vermellas
- Coñecer e usar diferentes aparellos: GPS, cámara de fotos, cámara de vídeo

Os **contidos** desenvolveranse da seguinte forma:

- Indagación de ideas previas do alumnado sobre como ven o lugar no que viven. Que é para eles/as o medio, a seguridade vial, a accesibilidade, os servizos, a comunidade,...
- Interpretación espacial mediante o uso de fotografías aéreas, planos e mapas
- Identificación dos puntos de interese en cada zona ou barrio
- Identificación de luces verdes, amarelas e vermellas a localizar
- Saída, na que se percorre o lugar, identificando e localizando os elementos relevantes, visitando os distintos lugares de interese e coñecendo o seu funcionamento e os servizos que ofrecen dun modo directo
- Recollida de datos e debate
- Traballo de gabinete coa información recollida: elaboración da cartografía ambiental, de seguridade vial de accesibilidade, de servizos á poboación infantil,... de Foz, diagnóstico e proposta. Accións individuais e como grupo para mellorar o contorno no que viven

▪ **PROGRAMA DE RADIO “APRENDEMOS XUNTOS”**

Programa de radio de 1.30 h que se emitirá 1 día á semana en directo e reemitirse gravado os sábados en ambos os dous casos en horario de tarde na emisora municipal Radio Foz.O que permitirá que moitas persoas que por incompatibilidade de horarios, por motivos de traballo ou outros poidan acceder a este curso e mesmo gravallo e poder realizar os exercicios dende as súas casas.

Iniciarase no mes de novembro de 2008. Está dirixido a estudiantes, pais, nais e público en xeral.

O material didáctico: fichas, exercicios, test, apuntamentos,... estará dispoñible na páxina web do Concello de Foz, na sección da Delegación de Educación para que os/as usuarios/as interesados poidan descargar e/ou imprimir os documentos e na oficina da devandita delegación situada na Casa do Concello para os/as que desexen fotocopialos.

Emitirase un curso de:

1. Técnicas de estudio.
2. Uso de internet para busca de información.
3. Técnicas para pais/nais para axudar aos/ás fillos/as a aprender.